

Os criterios de valoración e corrección dos supostos prácticos que conforman o segundo exercizo da fase de oposición do proceso selectivo para a cobertura da praza de técnico de museos, funcionario de carreira:

“O tribunal cualificará este exercizo valorando, entre outros, os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

Este segundo exercizo consta de dúas partes, cada unha das cales valorarase sobre 5 puntos.

Na **primeira parte** se cumprimentarían os datos dunha das pezas propostas; habería que cumprimentar 26 campos; cubrirose todos os campos e aqueles que non sexa necesario rechearse consignará “non procede”; esta parte valorase sobre un total de 5 puntos; cada campo non cumprimentado ou non cumprimentado correctamente restará 0’19 puntos sobre 5.

Na **segunda parte** prepararíase unha nota de prensa, cunha extensión de 250-300 palabras. Valorarase sobre 5 puntos.

Para presentar a exposición oficialmente aos medios de comunicación habería que convocar unha roda de prensa, pero previamente procederáse á redacción e envío de notas de prensa.

A nota de prensa é unha nova que a institución organizadora emite sobre a exposición para que sexa coñecida pola opinión pública. A redacción da nota debe de ser clara e concisa, cuidando o estilo e sintetizando a información que desexa comunicar. É mellor enviar unha nota curta que unha demasiado longa. A nota constará dun titular en torno a dez palabras como máximo, e tras deixar un espazo en branco, redactarase o texto do comunicado.

Todas as notas deben incluír unha data, i é que os editores non sempre usan inmediatamente os comunicados. Así mesmo incluírse información de contacto da institución ao final da nota (persoa de contacto, dirección, horarios de apertura, teléfonos i email), xunto coa data e a hora da inauguración e do pase de prensa. Tamén se adxuntan unhas dúas fotografías en formato dixital, con imáxenes de algunhas das obras da exposición.

Valorarase principalmente na redacción da nota de prensa os seguintes aspectos:

-Claridade, concisión e coherencia no desenvolvemento do suposto. (máximo 1 punto).

-Grado de rigor e aplicabilidade do exposto. (máximo 1 punto).

-Adecuación do plantexamento do opositor ao tema que se lle propuxo. (máximo 1 punto).

-Presentación organizada das ideas, estrutura (titular, data,...).(máximo 1 punto)

-Corrección gramatical, ortográfica, precisión término-lóxica e fluidez no discurso. (máximo 1 punto).”